

REVISTA DE DIVULGACIÓN DA CULTURA
MARÍTIMA E FLUVIAL - BUEU 2015 - Nº 9

O S G a L O S



O mar de noso en tantas vidas

Coma un soño non, coma unha luz de azul inmenso é tamén a miña memoria que percorre dende a infancia ata a vellice, eses dous cabos biográficos nos que perdura o realismo de base e o imaxinario das esencias que voan e son tamén as nosas vidas.

Eu neno da Terra do Medio, aló onde a noite abrocha os medos nas curotas do granito e as invernadas visten de branco, cos seus chapeus que son insignes, máxicos. Caen as folerpas e somos ollares e perfís a prol das avelaiñas. Un xogo, unha brincadeira que perdura nos meus anos. Aínda agora, neste abril do ano 2015 da beiramar do Morrazo, onde habito feliz e sigo nos banzados da maré que sempre hai nas nosas vidas. A Gallaecia. Este nome, este mar da casa, este tempo de presentes e de futuros con ensoño e ousadías para o meirande convencemento dos luares e mencers dos afeitos que nos cadran oportunos. Respeto, mestría, humildade, paraísos.

Vivir. É a maré. É o sorriso fronte ás sendistancias. Aló onde o mar pode. E hai un mundo óptimo de líquido que espella o noso espanto trala dimensión da vida: esa luz de azul e crarobscuros. No profundo habita a maraña fermosísima da tanta vida. Mariñeiro vai. Pousa a dorna do tempo e resucita nas esperas e nas artes que son de seu antigas, milenarias: arestoras recicladas e por acaso autónomas neste progreso que ten sido de abondoso en amizades coa animalia do salgado, esa riqueza libertaria de luz e de alimento. A marabilla. Artes. O Barco e o Salgado. A Luz do día e do solpor; cabo da noite que non dorme: axexa, pousa e resucita. E o mar avanta e leva consigo a voz do silencio. Son as artes. Son as vidas. Faise axiña a luz. E eu soño aínda coas devesas da miña aldea de Quian, nese mencer do río Arnego -coma en Arno de Florencia- e vémonos, “mirámonos” para que todo espelle.

Navego en estribor das vidas. Adiviño a testa do Farelo ao lonxe; tamén os corredores do Carrío e do Candán; e aquelas égoas libertarias do Bocelo. As nevaradas do silencio en Melide e n'Agolada. E o Mar da Casa bate paseniño nas ondas da concordia e das ledicias. O peirao aperta, soña e arrecende o salgado coma un bico. A bordo vai. A luz dos días.

Xosé Vázquez Pintor



Porto de Bueu. Olga Rubalcaba 2005